



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



# **IES PAZO DA MERCÉ** **COORDINADORA DE** **BENESTAR E CONVIVENCIA:** **CONCRECIÓN DO** **PLAN DE TRABALO** **2023-2024**

*Emoción e cognición son dúas caras dunha mesma moeda*



Este documento faise seguindo o indicado na Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

Esta concreción ten como obxectivo principal a posta en marcha da análise do centro necesaria para a elaboración do Plan de traballo da persoa coordinadora do benestar emocional no centro, así como dar a coñecer á comunidade educativa da súa presenza no centro, así como das súas funcións e actuacións previstas para o curso 2023-2024.

## 1. OBXECTIVOS DESTA CONCRECIÓN:

**Obxectivo 1:** Favorecer as sinerxias entre a persoa coordinadora do benestar emocional con outras comisións, órganos de representación e departamentos do centro.

**Obxectivo 2:** Dar a coñecer á comunidade educativa das actuacións que en materia de convivencia e benestar emocional desenvolvemos no centro.

**Obxectivo 3:** Participar na renovación, xunto coa Comisión de Convivencia e o Equipo directivo, do Plan de Convivencia no centro.

**Obxectivo 4:** Elaborar o DAFO do centro en materia de benestar emocional e clima de convivencia.

**Obxectivo 5:** Diseñar, con todas estas aportacións, o Plan de traballo da persoa coordinadora do benestar emocional, así como as fases e temporalización prevista para o desenvolvemento das súas funcións.



## 2. ACTUACIÓNS, TEMPORALIZACIÓN E INDICADORES RELACIONADOS CO OBTXECTIVO 1.

### • Actuacións para favorecer as sinerxias:

- A persoa coordinadora do benestar emocional do centro pertencerá ademais ao departamento de orientación, como profesora do ámbito científico-tecnolóxico, dende o que se levan a cabo reunións semanais coas titorías dos diferentes niveis para o seguimento do Plan de Acción Titorial e do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, así como do clima de convivencia na aula e no centro.
- Participación nas reunións que se levan a cabo da Comisión de Convivencia relacionadas coa renovación do Plan de Convivencia do centro.
- A persoa coordinadora do benestar emocional ten ademais o cargo directivo de Xefatura de Estudos, polo que se garante desta forma a comunicación dentro do equipo directivo das actuacións e análise do benestar emocional no centro. A directora do centro é a promotora da creación da ANPA, polo que a coordinación e sinerxias coas familias pode realizarse dende esta vía.
- Con respecto ás sinerxias co alumnado, dende o equipo directivo e o departamento de orientación dinamízase a xunta de persoas delegadas dos diferentes curso, que deste modo participarán no fomento do benestar emocional no noso centro.

### • Temporalización:

- As reunións da orientadora do centro coas titorías de cada nivel teñen unha frecuencia semanal.
- O equipo directivo reúnese semanalmente.
- A Comisión de Convivencia reunirase mensualmente para a renovación do Plan de convivencia do centro dende a formación da ANPA e o nomeamento dunha persoa representante.



- O departamento de orientación reúne mensualmente, o primeiro luns de cada mes, para o seguimento dos diferentes plans, proxectos e actividades no centro.

- **Indicadores:**

- Grao de cumprimento das reunións proxectadas.

### 3. Actuacións, temporalización e indicadores relacionados co Obxectivo 2:

- **Actuacións para dar a coñecer á comunidade educativa das actuacións en materia de convivencia e benestar emocional:**

- Publicación na web do centro da PXA.
- Publicación na web do centro do calendario de actividades proxectadas relacionadas coa convivencia e benestar emocional (planificación do PAT, as prácticas restaurativas dende o PFPP, rincóns da calma no IES...).
- Publicación, respectado a protección de datos persoais, de fotografías e recensións relacionadas co desenvolvemento das diferentes actuacións)

- **Temporalización:**

- **Outubro-novembro:** Publicación na web da PXA e do calendario de actividades relacionadas coa convivencia e o benestar emocional.
- **Todo o curso:** Publicación das recensións.

- **Indicadores:**

- Número de publicacións na web relacionadas coa convivencia e o benestar emocional.



## 4. Actuacións, temporalización e indicadores relacionados co Obxectivo 3:

### • Actuacións para a renovación do Plan de Convivencia:

- Participación na elaboración do plan de traballo para a renovación do Plan de Convivencia.
- Participación no deseño ou elección de enquisas para realizar o diagnóstico previo da convivencia no centro.
- Participación na elaboración do DAFO do noso centro en materia de convivencia e benestar emocional.
- Participación na redacción do novo plan de convivencia no centro.

### • Temporalización:

- **Outubro-novembro:** Realización do plan de traballo e das persoas responsables de cada actividade, xunto co calendario para as reunións de posta en común.
- **Decembro:** Lanzamento das enquisas á comunidade educativa e compilación dos materiais de análise para a realización da situación de partida do noso centro en materia de convivencia.
- **Xaneiro:** Posta en común coa comunidade educativa da situación de partida e recollida de propostas para o deseño de actuacións, medidas ou programas, así como dos órganos responsables, persoas destinatarias e procedementos para seguir o seu desenvolvemento e avaliación.
- **Febreiro-marzo:** Redacción do plan de convivencia por parte das persoas integrantes da comisión de convivencia.
- **Abril:** Difusión do plan de convivencia do centro á comunidade educativa.

### • Indicadores:

- Grao de participación do profesorado, alumnado, familias e persoal non docente na elaboración do plan de convivencia.
- Grao de cumprimento das diferentes fases proxectadas para a súa elaboración.



## 5. Actuacións, temporalización e indicadores relacionados co Obxectivo 4:

- **Actuacións para a elaboración do DAFO do centro en materia de benestar emocional e clima de convivencia:**
  - Análise dos resultados das enquisas elaboradas para a renovación do plan de convivencia.
  - Elaboración do DAFO.
- **Temporalización:**
  - **Xaneiro:** Análise dos resultados das enquisas (xa temporalizado na actuación de renovación do plan de convivencia).
  - **Abril:** Reunións da comisión de convivencia para a elaboración do DAFO.
- **Indicadores:**
  - Grao de participación dos diferentes sectores da comunidade educativa na elaboración do DAFO.

## 6. Actuacións, temporalización e indicadores relacionados co Obxectivo 5:

- **Actuacións para deseñar o Plan de traballo da persoa coordinadora do benestar emocional:**
  - Reunións coas persoas representantes do concello e de outras institucións para poñer en marcha as actuacións necesarias para a mellora do benestar emocional.
  - Elaboración do Plan de traballo da persoa coordinadora do benestar emocional, no que se especifiquen os motivos que fan necesario este plan de traballo; a forma na que este plan se integrará na vida do centro; o contexto (coas súas oportunidades e ameazas), no que desenvolvemos o noso labor educativo; os obxectivos do plan; as fases e temporalización prevista para o desenvolvemento do plan e a forma de seguimento, modificación, avaliación e difusión do documento.



- **Temporalización:**

- **Maio:** Reunións coas persoas axentes externas ao centro.
- **Xuño-xullo:** Elaboración do plan de traballo da persoa coordinadora do benestar emocional.
- **Setembro:** Elaboración da concreción anual do plan, seguindo o procedemento para a súa modificación, de ser necesario.

- **Indicadores:**

- Axuste do plan en relación cos obxectivos propostos.

En As Neves, a 6 de outubro de 2023

Asinado: Sandra Gómez Queipo.

Coordinadora do benestar emocional e da convivencia